



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### OUTES

*Bases e a convocatoria da selección de persoal para a brigada PEL 2023*

##### 1. OBXECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto desta convocatoria a selección de persoal laboral temporal para executar diferentes obras públicas e prestar servizos mínimos municipais, ao abeiro do Programa de integración laboral aprobado pola Deputación Provincial de A Coruña e publicado no BOP nº 13 do 19 de xaneiro de 2023, que se concreta na contratación laboral, a tempo completo, de catro operarios/as de servizos múltiples para brigada municipal de obras e servizos.

##### 2. PERÍODO E MODALIDADE DE CONTRATACIÓN.

A contratación de persoal laboral temporal a xornada completa terá unha duración prevista de 5 meses e segundo establece a base 4.3 (requisitos da contratación) efectuarase na modalidade de contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, asignándolles o código 405, cando por ser contratación a tempo completo.

Os/As traballadores/as terán a categoría laboral de peóns/peoas, equivalente ao grupo AP-agrupación profesional, consonte co establecido na disposición adicional sexta do Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

##### 3. PUBLICIDADE.

As bases desta convocatoria publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, na sede electrónica do Concello, <https://outes.sedelectronica.gal/> e no taboleiro de anuncios dixital deste Concello. Todos aqueles actos derivados do proceso selectivo e necesarios para a tramitación do mesmo publicaranse na sede electrónica do Concello, <https://outes.sedelectronica.gal/> e no taboleiro de anuncios.

##### 4. REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

a) Ter a nacionalidade española ou de calquera dos Estados membros da Unión Europea, ser cónxuxe de calquera dos anteriores sempre que non estea separado de dereito, ser descendente de calquera deles sempre que sexa menor de vinte e un anos ou maior de dita idade pero dependentes, ou ter calquera outra nacionalidade á que lle sexan aplicables tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España sobre libre circulación de traballadores. Os estranxeiros aos que se refire o apartado anterior e con residencia legal en España poderán acceder como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois.

b) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse incurso/a en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos.

e) Estar en situación de desemprego e cumprir algunha das condicións sinaladas na cláusula seguinte.

Todos os requisitos anteriores deberán terse no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

##### 5. PERSOAS DESTINATARIAS.

Segundo o previsto no punto 4.2 das bases específicas do programa PEL-CONCELLOS ANO 2023 (BOP núm. 13 de 19 de xaneiro de 2023), as persoas aspirantes deberán atoparse nalgunha das seguinte situacións de exclusión laboral:

- \* Mulleres, ao ter un diferencial de índice de paro rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.
- \* Maiores de 45 anos.
- \* Persoas con discapacidade: que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%. Acreditación documental: certificado do grao de discapacidade.
- \* Persoas desfavorecidas que estean nalgunha destas situacións: drogodependencia, vivir nun fogar onde ninguén teña emprego, persoas sen fogar, persoas con fogar monoparental ou monomarental e persoas con problemas

para encontrar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais. Deberá acreditarse cun informe social do concello onde resida.

\* Persoas desempregadas de longa duración. A efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo de un ano inscritos como demandantes de emprego. Acreditarase coa presentación da tarxeta de demandante de emprego actualizada ou informe de períodos de inscrición emitido polo Servizo Público de Emprego de Galicia.

\* Persoas vítimas de violencia de xénero. Acreditado documentalmente (en vigor).

Todas as persoas aspirantes deberán estar en situación de desemprego, circunstancia que deberán xustificar coa solicitude e antes da súa contratación laboral.

## 6. SOLICITUDES.

O prazo de presentación de solicitudes, que se cumprimentarán de conformidade coa instancia que figura no Anexo I, será de 10 días hábiles, cuxo cómputo se iniciará ao día seguinte da publicación destas bases na forma prevista no apartado 3 anterior e finalizará ás 23:59 horas do décimo día hábil.

As solicitudes poden presentarse na sede electrónica do Concello, a través da seguinte dirección: <https://outes.sedelectronica.gal/> ou ben de maneira presencial, no rexistro xeral do Concello de luns a venres en horario de 9.00h a 14.00h horas. Así mesmo a presentación de solicitudes poderá realizarse de conformidade co disposto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As citadas solicitudes deberán de achegarse co DNI así como toda a documentación xustificativa dos méritos que aleguen, a non ser que xa estivera en poder do Concello, circunstancia que deberán indicar expresamente na solicitude.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, por Resolución de alcaldía ditarase unha listaxe provisoria de persoas admitidas e excluídas cun prazo de corrección de tres días hábiles. Rematado ese prazo por Resolución de alcaldía ditarase listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as e na mesma Resolución indicárase a data, lugar e hora de comezo do exercicio da fase oposición. Nesa mesma Resolución figurará tamén o número máximo de sesións das que constará este proceso. Será causa de exclusión provisoria e, no seu caso, definitiva a falta de acreditación documental sobre a pertenza a algún dos colectivos establecidos no punto 5 destas bases.

## 7. SISTEMA DE SELECCIÓN

### 7.A.- FASE DE CONCURSO:

Consistirá na valoración dos méritos alegados segundo o seguinte baremo:

#### 7.A.1.- FORMACIÓN:

1º. Pola participación en programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral, organizados ou financiados polas administracións públicas, de 0,25 a 0,75 puntos, tendo en conta o número de horas e o contido do propio programa con relación ás tarefas do posto convocado.

- Ata 500 horas: 0,25 puntos;

- De 501 a 1.000 horas: 0,50 punto;

- Máis de 1.000 horas: 0,75 puntos.

2º. Por cada curso directamente relacionado coas funcións propias do traballo, organizado ou financiado por calquera organismo oficialmente homologado: 0,10 puntos por cada 20 horas formativas. Só se computan os cursos cun mínimo de 20 horas de duración.

No caso de que se acheguen varias edicións dun mesmo curso ou cursos de contido similar, unicamente se valorará un deles, o que teña máis horas lectivas. Neste apartado de formación só se terán en conta os méritos realizados nos 5 anos inmediatamente anteriores a esta convocatoria.

A puntuación máxima polo apartado de formación será de 1,50 puntos.

O Tribunal valorará na fase de concurso só a aqueles/as aspirantes que teñan superado á fase de oposición.

### 7.B.- FASE DE OPOSICIÓN

Consistirá na realización de un exercicio coas seguintes especificacións:

#### 7.B.1.- PROBA TEÓRICA TEÓRICO-PRÁCTICA (de carácter obrigatorio e eliminatorio):

Consistirá nun exame escrito co seguinte contido:

Parte 1: proba escrita tipo test de 10 preguntas (e 3 máis de reserva) con tres alternativas de resposta e só unha verdadeira, relacionadas cos apartados I e II do Anexo I: Temario.

Parte 2: tres preguntas a contestar por escrito sobre o contido do suposto práctico relacionado coas funcións a realizar como operarios/as de servizos públicos municipais, relacionada co apartado II do Anexo I.-Temario.

A puntuación máxima será de 15 puntos co seguinte reparto: 5 puntos para a parte 1 (non puntuarán negativamente as respostas incorrectas) e 10 puntos para a parte 2. A duración máxima desta proba será de 40 minutos.

#### 7.B.2.- PROBA PRÁCTICA DE COÑECEMENTO DO GALEGO:

Este exercicio será calificado como APTO ou NON APTO.

Estarán exentas de realizar este exercicio as persoas que acrediten que posúen o Celga 2 ou o equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da ORDE do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga). (DOG Núm. 34. 19 de febreiro de 2014).

Unha vez rematadas as outras probas da fase de oposición, publicarase a listaxe das persoas candidatas que non acreditan posuír o diploma, certificado ou curso que acredite o grao de coñecemento do idioma galego, para seren convocadas á realización dunha proba oral, de carácter eliminatorio, na que poidan acreditar tal coñecemento.

Corresponderalle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixidos para acadar o resultado de apto/a, co apoio da persoa titular do Servizo de Normalización Lingüística do Concello.

#### 8. COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL.

**PRESIDENTE:** O técnico de promoción económica, ou funcionario/a no que delegue.

**SECRETARIA:** A educadora familiar do Concello, ou funcionario/a no que delegue.

**VOCAIS:** A traballadora social, o auxiliar de servizos sociais e a técnica auxiliar de urbanismo, ou funcionarios/as nos/as que deleguen.

A técnica de orientación laboral municipal realizará as labores de asesoramento durante todo o proceso de selección.

Os membros do tribunal terán dereito ás indemnizacións por asistencias consonte os artigos 29 e seguintes do Real decreto 462/2002, do 24 de maio. Para este efectos o tribunal inclúese na categoría terceira do artigo 20 da dita norma.

#### 9. PUNTUACIÓN FINAL.

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, sumadas a fase de concurso e a de oposición.

Rematada a selección, o tribunal publicará na páxina web do Concello, [www.outes.gal](http://www.outes.gal), a relación de aspirantes por orde de puntuación coa correspondente proposta de contratación.

Os criterios para efectuar o desempate, en caso de ser necesario, serán os seguintes:

1º- Maior tempo en desemprego: acreditado por informe de períodos de inscrición emitido polo Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG).

2º- Maior puntuación na fase de oposición.

De continuar o empate efectuarase sorteo público.

Os/as aspirantes seleccionados/as deberán xustificar documentalmente, no prazo de cinco días naturais, os requisitos sinalados nos apartados b), d) e e) da base cuarta, mediante a presentación da seguinte documentación:

a) Certificado médico ou informe de saúde que acredite non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das tarefas correspondentes.

b) Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, Comunidades Autónomas e Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

c) Xustificación de estar en situación de desemprego, coa presentación da tarxeta de demandante de emprego debidamente actualizada ou o informe de inscrición do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG).

#### 10. BOLSA DE EMPREGO.

Coas persoas candidatas non contratadas, constitúese unha bolsa de emprego para cubrir posibles vacantes ou para atender necesidades imprevistas, que estará vixente ao longo do período de duración do Programa.

A bolsa de emprego suxeitarase ás seguintes regras:

- 1) O/A aspirante disporá dun prazo máximo de cinco días hábiles desde o chamamento para presentar a correspondente documentación acreditativa.

De non facelo, entenderase que perde os seus dereitos fronte á Corporación contratante, quedando rescindida a relación laboral e polo tanto decae da bolsa, e pasándose á seguinte persoa candidata na bolsa.

- 2) Naqueles supostos nos que se rexeite a oferta alegando incapacidade laboral transitoria, maternidade ou paternidade, manterase a orde da bolsa. A concorrencia das anteriores circunstancias deberá quedar suficientemente acreditada mediante calquera medio admisible en Dereito.
- 3) Quen, no seu caso, resulte contratado/a, volverá a ocupar o mesmo lugar na bolsa de emprego unha vez remate o contrato.

#### **11. NORMATIVA APLICABLE.**

A convocatoria réxese polas presentes bases e as normas reguladoras do persoal ao servizo das Administracións públicas. A presente convocatoria e todos os actos administrativos que dela se deriven estarán suxeitos á Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento común administrativo das administracións públicas, da Lei 40/2015, 1 outubro, de réxime xurídico del Sector Público, e no que se refire á contratación estarase ao disposto na lexislación laboral vixente.

O contido da relación laboral réxese polo Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, polo RD lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia e as súas disposicións complementarias.

#### **12. RETRIBUCIÓNS.**

As retribucións previstas do contrato serán as que figuran para o ano 2023 no convenio do persoal laboral do Concello de Outes, no apartado de operario/a servizos múltiples municipais.

O contrato formalizaranse por escrito (modelo 405) e no mesmo establecerase un período de proba de 15 días.

#### **13. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.**

De conformidade co previsto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais os datos que se faciliten para participar neste proceso de selección incorporaranse nun ou varios ficheiros cuxo responsable é o Concello de Outes con sede na Rúa da Vila nº 1 A Serra de Outes, onde se poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Coa participación no proceso de selección, as persoas interesadas consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes de candidatos, a cualificación de probas e avaliación dos candidatos, así como a provisión de postos e confección do banco de datos ou lista de espera.

Así mesmo, os participantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no taboleiro de anuncios deste Concello para os efectos da publicidade esixida no procedemento de contratación, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei.

#### **ANEXO I.- TEMARIO**

##### **APARTADO 1.- PARTE XERAL**

- 1.- Constitución Española de 1978.- Dereitos e deberes fundamentais.
- 2.- Estatuto Autonomía de Galicia.- Título II, Das competencias de Galicia.
- 3.- Lei 7/1985, de 2 de abril, Bases Réxime Local.- Órganos e competencias

##### **APARTADO 2.- PARTE ESPECÍFICA**

- 1.- O municipio de Outes. Límites e parroquias.
- 2.- O municipio de Outes. Lugares de interese.
- 3.- Nocións básicas de albanelaría. Ferramentas e maquinaria empregadas.
- 4.- Nocións básicas de xardinería. Ferramentas e maquinaria empregadas.
- 5.- Cálculos e operacións matemáticas básicas.
- 6.- Mantemento e conservación de vías públicas. Avarías frecuentes e reparación das mesmas.
- 7.- Prevención de riscos laborais en construción. Equipos de protección individual (EPI).

**ANEXO II.- MODELO DE INSTANCIA**

D./D<sup>a</sup>..... co D.N.I. núm. ....  
e enderezo a efectos de notificacións en ....., Rúa ..... n°.....  
piso.....C.P .....Teléfono.: .....

Correo electrónico:.....

Medio de notificación preferente (marque cun "x"):

- Correo electrónico  
 Correo ordinario

Informado/a da convocatoria que realiza o Concello de Outes para unha praza de operario/a servizos múltiples, de acordo ás bases publicadas no BOP n°..... e data ....., que declara coñecer e aceptar;

Tendo en conta que cumpre todos os requisitos esixidos nas bases e comprometéndose a achegar os documentos acreditativos destes no suposto de ser seleccionado/a,

SOLICITA:

Ser admitido/a ao proceso de selección convocado, para o que achega:

- D.N.I.
- Documentos acreditativos do cumprimento dos requisitos esixidos para a participación na convocatoria.
- Documentos acreditativos dos méritos que se aleguen ao obxecto da súa valoración no concurso.
- Acreditación de coñecemento lingua galega (Celga 2), de ser o caso.

En \_\_\_\_\_, a ..... de..... de 2023.

Asdo. ....

Outes, a cinco de abril de 2023.

O alcalde

D. Manuel González López

2023/2570